Código seguro de Verificación : GEISER-f254-d193-d731-4153-bea1-6cb3-7499-503c | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida

Consello Social
Universidade de Vigo

BASES DA CONVOCATORIA

1. Poderán acceder ás axudas:

- **Titulacións de grao** que contemplen prácticas no seu plan de estudos e que se atopen con dificultades para a súa realización.

2. As actividades desenvolveranse ao longo do exercicio 2022.

3. As solicitudes de participación na convocatoria deberán ser presentadas por rexistro e dirixidas á Secretaría do Consello Social da Universidade de Vigo, pola persoa responsable do centro **ata o día 20 de xaneiro de 2022,** e nelas, ademais do impreso que se achega, deberá constar o programa de Prácticum previsto, un calendario e unha breve descrición de obxectivos e contidos, expondo e xustificando razoadamente as circunstancias excepcionais e as dificultades da titulación para o acceso ás prácticas, así como unha proposta inicial de orzamento.

4. No proceso de valoración de solicitudes primarán as prácticas externas sobre as conferencias, tendo a mesma consideración ben sexan convocatorias presenciais ou telemáticas. Así mesmo veranse favorecidas as solicitudes que teñan un maior grao de execución da axuda que lle fose concedida na edición anterior.

5. O Consello Social farase cargo dos gastos de cada programa aprobado ata unha cifra máxima de 5.000,00 euros, e a contía será determinada pola súa Comisión de Actividades e Servizos.

6. O Consello Social destinará no exercicio 2022 ata un máximo de 30.000,00 euros a esta convocatoria.

7. Do importe da axuda asignada a cada titulación poderá percibir, unha vez aprobada a concesión, ata un 60% do total con cargo aos gastos que acredite. O 40% restante quedará suxeito á presentación dunha Memoria final que se deberá entregar concluída a actividade, e na que se xustificará o desenvolvemento e cumprimento do programa.

ÁMBITO- PREFIJO	CSV	FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO
GEISER	**GEISER-f254-d193-d731-4153-bea1-6cb3-7499-503c**	**07/12/2021 11:15:36 Horario peninsular**
Nº registro	DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN	Validez del documento
U03800005s21N0000082	**https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida**	**Copia Electrónica Auténtica**

GEISER-f254-d193-d731-4153-bea1-6cb3-7499-503c